

A nosa ref: 23

Asunto: Resolución que aproba a convocatoria e Bases para a creación de relación de candidatos de docentes.

Expediente: 2017/G003/000907

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, SERVIZOS SOCIAIS E EDUCACIÓN

Con data 9 de maio de 2017, emiten informe a Concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico, a xefe responsable da Axencia de Desenvolvemento Local e Axente de Desenvolvemento Local no que solicitan se inicie o procedemento para o establecemento de listaxes para prazas de docentes de formación ocupacional nos Módulos Formativo que no documento indican.

Visto o informe proposta da área de urbanismo e réxime interior co intervido do Interventor, que de seguido se transcribe.

“Vista a providencia do Concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de 10 de maio de 2017, para a creación dunha relación de docentes para a contratación laboral temporal ou nomeamento interino coa fin de impartir cursos das especialidades formativas enmarcadas no plan de acción de formación para desempregados (AFD) da Xunta de Galicia, formulase o presente INFORME, con base nos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1 – O Concello de Cambre tódolos anos realiza accións formativos enmarcadas no plan de acción de formación para desempregados (AFD) da Xunta de Galicia.

2 - Con data do pasado 10 de maio de 2017, á vista do informe da Responsable da Axencia de Desenvolvemento Local de data 9 de maio de 2017, se dita a providencia do Concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais, antes referida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1 - A normativa principalmente aplicable está constituída polo artigo 10 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP), polo artigo 23 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia, polo artigo 20.Dous da Lei 48/2015, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, pola Disposición Adicional Primeira do Real Decreto 896/1991, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios na Administración Local, pola Orde 1461/2002, do 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (B.O.E. do 15 de xuño de 2002) e polo Real Decreto: 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto do Traballadores en materia de contratacións.

2.- O artigo 10 do Texto Refundido citado e o artigo 23 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, establecen que son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tais para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea, entre outras circunstancias, a substitución transitoria dos titulares dos postos, unha execución dun programa de carácter temporal e duración determinada ou unha acumulación de tarefas; o mesmo cabe dicir do establecido sobre a contratación laboral temporal na normativa antes indicada.

3.- Neste mesmo artigo 10 se establece no seu apartado 2º que a selección de funcionarios interinos e, polo tanto contratos laborais temporal, haberá de realizarse mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

4.- Ben é certo que a Lei 48/2015, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, hoxe en vigor, no seu artigo 20-Dous prohibe a contratación de persoal temporal e o nomeamento de funcionarios interinos, pero tamén é certo que exceptiona tal prohibición para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou afecten ao funcionamento de servizos públicos esenciais, tal e como neste caso nos encontramos como se deriva do informe da Concelleira delegada de Desenvolvemento Socioeconómico.

5.- O custo total (salarios e seguridade social) está subvencionado pola Xunta de Galicia.

6.- A Orde 1461/2002 do Ministerio de Administracións Públicas antes indicada establece no seu apartado terceiro-3 a posibilidade de convocar procesos selectivos para as relacións de candidatos para nomeamentos interinos.

7 - Para esta convocatoria se redactan as Bases reguladoras para creación de relacións de candidatos para nomeamentos interinos ou contratación laboral temporal para impartir cursos das especialidades de fabricación mecánica, servizos socioculturais e á comunidade e administración e xestión.

8.- O órgano competente para a aprobación da convocatoria e as súas Bases e o Alcalde si ben por Resolución da Alcaldía nº 1839 de data 18 de novembro de 2016 ten delegada tais competencias no Concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación.

Polo anterior se formula a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Aprobar a convocatoria para a creación de relacións de candidatos de docentes para nomeamentos interinos ou a súa contratación laboral temporal para impartir cursos de fabricación mecánica, servizos socioculturais e á

comunidade e administración e xestión así como as súas Bases reguladoras que se achegan ao presente informe.

O xefe da área de urbanismo e réxime interior.

Emilio Martínez Cubero

O interventor

Francisco Javier Ulloa Arias
(Asdo. Electronicamente)

CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A CREACIÓN DUNHA RELACIÓN DE DOCENTES PARA A SÚA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL OU NOMEAMENTO INTERINO PARA A IMPARTICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO (PLAN AFD), DA XUNTA DE GALICIA.

B A S E S

PRIMEIRA .- Obxecto da Convocatoria.

É obxecto desta convocatoria o concurso para a creación dunha relación para a contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado ou nomeamento interino, dos expertos docentes necesarios para impartir a formación das unidades de competencia, que conforman os certificados de profesionalidade das seguintes familias profesionais:

1.1.- Fabricación Mecánica:

- o *Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210) e Soldadura con eléctrodo revestido e TIG (FMEC0110). Módulos formativos:*
 - MF0098_2: Soldadura e proxección térmica por oxigás
 - MF0101_2: Soldadura con arco baixo gas protector con eléctrodo consumible
 - MF0099_2: Soldadura con arco eléctrico con eléctrodo revestido
 - MF0100_2: Soldadura con arco baixo gas protector con eléctrodo non consumible

1.2.- Servizos socioculturais e á comunidade:

- o *Atención socio-sanitaria a persoas dependentes no domicilio (SSCS0108) e Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208). Módulos formativos:*
 - MF0249_2: Hixiene e atención sanitaria domiciliaria
 - MF0250_2: Atención e apoio psicosocial domiciliario
 - MF0251_2: Apoio domiciliario e alimentación familiar
 - MF1016_2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional.
 - MF1017_2: Intervención na atención hixiénico-alimentaria en institucións.
 - MF1018_2: Intervención na atención socio-sanitaria en institucións.
 - MF1019_2: Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións.

1.3.- Administración e xestión:

- o *Actividades de xestión administrativa (ADGD0308); Actividades administrativas na relación co cliente (ADGG0208) e Xestión integrada de recursos humanos (ADGD0208)*
 - MF0976_2: Operacións administrativas comerciais
 - MF0979_2: Xestión operativa de tesourería
 - MF0980_2: Xestión auxiliar de persoal
 - MF0981_2: Rexistros Contables
 - MF0973_1: Gravación de datos
 - MF0978_2: Xestión de arquivos
 - MF0233_2: Ofimática
 - MF0975_2: Técnicas de recepción e comunicación
 - MF0977_2: Lingua inglesa profesional para a xestión administrativa na relación co cliente
 - MF0237_3: Xestión Administrativa de Persoal

- MF0238_3: Xestión de Recursos Humanos
- MF0987_3: Xestión de Sistemas de Información e Arquivo

A presente convocatoria, réxese polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba el texto refundido de la Lei do Estatuto Básico del Empregado Público.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto: 896/1991, de 7 de xuño, regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de seleccións de funcionarios da administración local.
- Lei 30/84, de 2 de agosto, medidas para a reforma da función pública.
- Decreto 95/1991, regulamento de selección do persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia de 20 de marzo de 1991, e supletoriamente o Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da administración do estado.
- Orde, de 6 de xuño de 2002, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino.
- Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratación.
- Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro pola que se regulan **os certificados de profesionalidade** .
- Real decreto 1675/2010, do 10 de decembro polo que se modifica o RD 34/2008, de 18 de xaneiro polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.
- Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os RD polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.
- Real decreto 1525/2011, de 31 de outubro, polo que se establecen o certificados de profesionalidade de **“soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG”** e **“Soldadura con eléctrodo revestido e TIG”**, modificados polo R.D. 618/2013 de 2 de agosto.
- Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establece o certificado de profesionalidade de **“atención socio-sanitaria a persoas no domicilio”**, modificado polo R.D. 721/2011 de 20 de maio.
- Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establece o certificado de profesionalidade de **“atención socio-sanitaria a persoas en institucións sociais”**, modificado polo R.D. 721/2011 de 20 de maio, e polo R.D. 625/2013, de 2 de agosto
- Real decreto 645/2011, de 9 de maio, polo que se establece o certificado de profesionalidade de **“Actividades de xestión administrativa”**.
- Real decreto 1210/2009, de 17 de xullo, polo que se establecen os certificados de profesionalidade de **“Actividades administrativas na relación co cliente”** e **“Xestión integrada de recursos humanos”**, modificados polo R.D. 645/2011, de 9 de maio.
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia (publicadas para cada anualidade)

SEGUNDA .- Descrición dos postos.

Docentes necesarios para impartir a formación dos Módulos Formativos (MF), correspondentes ás Unidades de Competencia dos Certificados de Profesionalidade dos cursos do Plan AFD que a continuación se relacionan:

2.1.- Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210) e Soldadura con eléctrodo revestido e TIG (FMEC0110):

- 2.1.1.- MF0098_2: Soldadura e proxección térmica por oxigás (200 horas)
- 2.1.2.- MF0101_2: Soldadura con arco baixo gas protector con eléctrodo consumible (430 h.)
- 2.1.3.- MF0099_2: Soldadura con arco eléctrico con eléctrodo revestido (400 h.)
- 2.1.4.- MF0100_2: Soldadura con arco baixo gas protector con eléctrodo non consumible (370 h)

2.2.- Atención socio-sanitaria a persoas dependentes no domicilio (SSCS0108) e Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208):

- 2.2.1.- MF0249_2: Hixiene e atención sanitaria domiciliaria (170 h.)
- 2.2.2.- MF0250_2: Atención e apoio psicosocial domiciliaria (210 h.)
- 2.2.3.- MF0251_2: Apoio domiciliaria e alimentación familiar (100 h.)
- 2.2.4.- MF1016_2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional (100h.)
- 2.2.5.- MF1017_2: Intervención na atención hixiénico-alimentaria en institucións. (70 h.)
- 2.2.6.- MF1018_2: Intervención na atención socio-sanitaria en institucións. (70 h.)
- 2.2.7.- MF1019_2: Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións. (130 h.)

2.3.- Actividades de xestión administrativa (ADGD0308); Actividades administrativas na relación co cliente (ADGG0208) e Xestión integrada de recursos humanos (ADGD0208):

- 2.3.1.- MF0976_2: Operacións administrativas comerciais (160 h.)
- 2.3.2.- MF0979_2: Xestión operativa de tesourería (90 h.)
- 2.3.3.- MF0980_2: Xestión auxiliar de persoal (90 h.)
- 2.3.4.- MF0981_2: Rexistros Contables (120 h.)
- 2.3.5.- MF0973_1: Gravación de datos (90 h.)
- 2.3.6.- MF0978_2: Xestión de arquivos (60 h.)
- 2.3.7.- MF0233_2: Ofimática (190 h.)
- 2.3.8.- MF0975_2: Técnicas de recepción e comunicación (90 h.)
- 2.3.9.- MF0977_2: Lingua inglesa profesional para a xestión administrativa na relación co cliente (90 h.)
- 2.3.10.- MF0237_3: Xestión Administrativa de Persoal (210 h.)
- 2.3.11.- MF0238_3: Xestión de Recursos Humanos (150 h.)
- 2.3.12.- MF0987_3: Xestión de Sistemas de Información e Arquivo (120 h.)

TERCEIRA .- Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos no proceso selectivo, os aspirantes terán que reunir os seguintes requisitos:

3.1.- Nacionalidade: Ser español ou ter a nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou a de calquera daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos na que esta se definira no Tratado Constitutivo da Unión Europea.

3.2.- Capacidade legal: Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores

3.3.- Capacidade profesional:

3.3.1.- Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210) e Soldadura con eléctrodo revestido e TIG (FMEC0110): Requisitos esixidos para os docentes segundo o establecido no art. 5 do RD 1525/2011, de 31 de outubro, modificado polo R.D. 618/2013 de 2 de agosto.

Para todos os módulos formativos: MF0098_2: Soldadura e proxección térmica por oxigás, MF0101_2: Soldadura con arco baixo gas protector con eléctrodo consumible, MF0099_2: Soldadura con arco eléctrico con eléctrodo revestido e MF0100_2: Soldadura con arco baixo gas protector con eléctrodo non consumible: Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis dous anos de experiencia profesional na especialidade. No caso de carecer dunha das titulacións relacionadas neste apartado, deberán acreditar catro anos de experiencia profesional na especialidade:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Técnico Superior da familia Profesional de Fabricación Mecánica.
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de construcións metálicas da familia profesional Fabricación Mecánica.

3.3.2.- Atención socio-sanitaria a persoas dependentes no domicilio (SSCS0108) e Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208): Requisitos esixidos para os docentes segundo o establecido no art. 6 do RD 1379/2008, do 1 de agosto, e nas modificacións que se establecen na disposición final segunda.2. do R.D. 721/2011, de 20 de maio, e na disposición final cuarta do R.D. 721625/2013, de 2 de agosto

Para todos os módulos formativos: MF0249_2: Hixiene e atención sanitaria domiciliaria; MF0250_2: Atención e apoio psicosocial domiciliario; MF0251_2: Apoio domiciliario e alimentación familiar; MF1016_2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional; MF1017_2: Intervención na atención hixiénico-alimentaria en institucións; MF1018_2: Intervención na atención socio-sanitaria en institucións; MF1019_2: Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións: Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis un ano de experiencia profesional na especialidade. No caso de carecer dunha das titulacións relacionadas neste apartado, deberán acreditar tres anos de experiencia profesional na especialidade:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Técnico Superior da familia Profesional de Servizos socioculturais e á comunidade.
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área de Atención Social da familia profesional de Servizos socioculturais e á comunidade.

3.3.3.- Actividades de xestión administrativa (ADGD0308); Actividades administrativas na relación co cliente (ADGG0208) e Xestión integrada de recursos humanos (ADGD0208): Requisitos esixidos para os docentes segundo o establecido no art. 6 do RD 1210/2009, de 17 de xullo, que regula os certificados de profesionalidade de “Actividades administrativas na relación co cliente” e “Xestión integrada de recursos humanos”, e no art. 5 do RD 645/2011, de 9 de maio, polo que se establece o certificado de profesionalidade de “Actividades de xestión administrativa”, e na súa disposición final segunda.1 e .4 que modifica os certificados regulados no RD 1210/2009, de 17 de xullo.

A. Para os MF0976_2: Operacións administrativas comerciais; e MF0975_2: Técnicas de recepción e comunicación: Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis dous anos de experiencia profesional na especialidade. No caso de carecer dunha das titulacións relacionadas neste apartado, deberán acreditar catro anos de experiencia profesional na especialidade:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Técnico Superior das familias Profesionais de Administración e xestión e Comercio e marketing.
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Administración e Auditoría da familia profesional de administración e xestión.

B. Para os MF0979_2: Xestión operativa de tesourería; MF0980_2: Xestión auxiliar de persoal; e MF0981_2: Rexistros Contables: Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis dous anos de experiencia profesional na especialidade. No caso de carecer dunha das titulacións relacionadas neste apartado, deberán acreditar catro anos de experiencia profesional na especialidade:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Técnico Superior da familia Profesional de Administración e xestión.
- Certificados de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Administración e Auditoría da familia profesional de administración e xestión.

C. Para o MF0973_1: Gravación de datos: Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis un ano de experiencia profesional na especialidade. No caso de carecer dunha das titulacións relacionadas neste apartado, deberán acreditar tres anos de experiencia profesional na especialidade:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Técnico e Técnico superior das familias Profesionais de Administración e xestión, e Informática e comunicacións.
- Certificado de profesionalidade de nivel 2 e 3 da área da xestión da información e comunicación da familia profesional de Administración e xestión.
- Certificados de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de Informática e comunicacións.

D. Para os MF0978_2: Xestión de arquivos; e MF0233_2: Ofimática: Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis dous anos de experiencia profesional na especialidade. No caso de carecer dunha das titulacións relacionadas neste apartado, deberán acreditar catro anos de experiencia profesional na especialidade:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Técnico Superior das familias Profesionais de Administración e xestión e Informática e comunicacións.
- Certificados de profesionalidade de nivel 3 das familias profesionais de Administración e xestión, e informática e comunicacións.

E. Para o MF0977_2: Lingua inglesa profesional para a xestión administrativa na relación co cliente: Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis dous anos de experiencia profesional na especialidade:

- Licenciado en Filoloxía inglesa, Tradución e interpretación en lingua inglesa ou título de grado equivalente
- Calquera outra titulación superior coa seguinte formación complementaria:
 - Haber superado un ciclo dos estudos conducentes á obtención da licenciatura en Filoloxía inglesa, Tradución e interpretación da lingua en lingua inglesa ou titulación equivalente
 - Certificado ou diploma de acreditación oficial da competencia lingüística en lingua inglesa como o Certificado de Nivel Avanzado das Escolas Oficiais de Idiomas ou outros títulos equivalentes ou superiores recoñecidos.
- Titulación universitaria cursada nun país de fala inglesa, no seu caso, coa correspondente homologación.

F. Para os MF0237_3: Xestión Administrativa de persoal; MF0238_3: Xestión de Recursos Humanos; e MF0987_3: Xestión de Sistemas de Información e Arquivo: Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis dous anos de experiencia profesional na especialidade:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes

3.4.- Competencia docente: Os docentes deberán estar en posesión do certificado de profesionalidade de Formador Ocupacional ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos.

Deste requisito estarán exentos:

- Quen estea en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía, ou Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía, ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de pos grado nos citados ámbitos.
- Quen posúa unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estará exento quen acredite a posesión do Master Universitario habilitante para o exercicio das profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas
- Quen acredite unha experiencia docente contrastada de alomenos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo

3.5.- Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións

3.6.- Habilitación: Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. E non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente

Todos os requisitos anteriores deberán cumprirse con referencia ó último día de presentación das solicitudes.

CUARTA.- Solicitudes.

As instancias (segundo o modelo publicado) presentaranse no Rexistro Xeral deste concello no prazo de quince días naturais a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria nun periódico, no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, previo pagamento de 50 (cincuenta) euros, segundo o establecido na ordenanza fiscal número 6. Contarán cunha redución do 50% os aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante alomenos seis meses antes da data desta convocatoria.

As instancias poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16-4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O ingreso poderase realizar na Tesourería Municipal, ou ben, por xiro postal ou telegráfico, neste caso xuntarse coa solicitude o xustificante do seu pagamento.

Deberá presentarse unha solicitude por cada familia profesional á que se opte. Na solicitude deberán especificarse os módulos formativos aos que opta e o certificado ou certificados de profesionalidade a que corresponden.

Á solicitude achegaranse os documentos que acrediten os requisitos dos aspirantes (base 3) e os méritos alegados.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de presentados que será publicada no taboleiro de anuncios deste Concello e na súa páxina web, concedendo o prazo de dous días para reclamacións. Se non hai reclamacións, a anterior lista será considerada definitiva.

QUINTA .- Solicitudes.

Os/as interesados/as en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar na instancia, segundo o modelo oficial que será facilitado nas dependencias municipais ou na web municipal e o resguardo acreditativo do pagamento de taxas para participar no proceso selectivo. Achegarase a seguinte documentación orixinal ou debidamente compulsada, ordenada da seguinte maneira:

1. Fotocopia do DNI ou acreditación do requisito da nacionalidade (base 3.1).
2. Curriculum vitae
3. Fotocopia cotexada da titulación ou titulacións académicas. (base 3.3)
4. Acreditación da competencia docente (base 3.4)
5. Acreditación da formación recibida (base 3.3), ordenada por data.
6. Acreditación da experiencia profesional (base 3.3) ordenada por data.
7. Acreditación da experiencia docente (base 3.4) ordenada por data.

SEXTA .- Comezo e desenvolvemento do concurso.

O proceso selectivo consistirá nunha valoración dos méritos achegados, de acordo co baremo establecido a continuación. A puntuación final do proceso estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas no concurso.

No caso de que o Departamento Territorial da Consellería de Economía Emprego e Industria non autorizase como docente ó candidato seleccionado, este non poderá ser contratado. Neste caso, proporase como candidato ó que obtivese a maior puntuación despois do primeiro candidato proposto e así sucesivamente.

Os **méritos a valorar** e a súa puntuación, será a seguinte:

6.1.- Titulación académica: (ata un máximo de 1 punto)

- Por contar cunha titulación das esixidas polo certificado de profesionalidade(base 3.3), que estea directamente relacionada co módulo formativo ó que opta. 1 punto.

6.2.- Formación recibida: (ata un máximo de 1 punto)

- Cursos de especialización sobre as materias directamente relacionadas con cada módulo formativo ó que opta, e impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes das mesmas, así como organizacións empresariais, sindicais ou profesionais. Valoraranse da seguinte forma: Por cada hora de formación recibida 0'001 puntos. Non se valorarán xornadas, congresos e simposios.

Para xustificar a formación realizada, deberán presentar títulos orixinais ou fotocopias cotexadas que reflectan a entidade que o imparte, o número de horas, e o contido.

6.3.- Experiencia Profesional: (ata un máximo de 3 puntos).

- Por cada mes de traballo na especialidade, a partir do mínimo esixido (base 3.3): 0´05 puntos por mes, ata un máximo de 3 puntos.

Para xustificar a experiencia laboral, deberán presentar o informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto coa documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (nóminas, contratos, certificación da empresa, etc.). No caso de traballo por conta propia, ademais do informe de vida laboral deberán presentar, alta no IAE (só no caso de que non veña indicado o epígrafe na vida laboral), contrato de servizos, etc.

6.4.- Experiencia Docente: (ata un máximo de 3 puntos)

- Por cada mes de formación impartida da mesma especialidade: 0´2 puntos, ata un máximo de 3 puntos.
- Por cada mes de formación impartido doutras especialidades relacionadas directamente: 0´1 puntos, ata un máximo de 2 puntos.

Para xustificar a experiencia laboral, deberán presentar o informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto coa documentación acreditativa que acredite a formación impartida (denominación da formación, horas e datas): contratos, certificación da empresa, etc. No caso de traballo por conta propia, ademais do anterior deberán presentar, alta no IAE (só no caso de que non veña indicado o epígrafe na vida laboral), contrato de servizos, etc.

Non se avaliará neste apartado o tempo de docencia que fose acreditado para xustificar a competencia docente, no caso de que esta supla á cualificación requirida. (base 3.4)

SÉTIMA: Tribunal Cualificador.

Terá a seguinte composición:

- **Presidente:** dona Ana M^a Portela Torrón ou na súa substitución Fernando Manuel Garrido Negreira.
- **Secretaria:** dona María Luísa de la Red Ampudia ou na súa substitución, dona Verónica María Otero López.
- **Vocais:** don Emilio Martínez Cubero, ou na súa substitución dona Ana María Monje Barcia.
- dona Sonia Machín Herranz, ou na súa substitución dona Isabel Barbeito Montero.
- dona Angeles Roca López ou na súa substitución dona Óscar Souto Muíño.

Os membros do Tribunal están suxeitos ó disposto no artigo 28 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas de do procedementos administrativo común, e ós dereitos por indemnización por asistencia, do artigo 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplentes.

OITAVA.- Listaxe, presentación de documentos e contratación.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web a relación por orde de puntuación dos concursantes na que se especificará a puntuación obtida por cada un deles.

No caso de producirse un empate de puntuación entre os aspirantes, resolverase por este orde de prioridade:

- 1.- Ter maior experiencia como docente do módulo formativo ao que opta.
- 2.- Ter maior experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia asociada

ao módulo formativo a que opta.

- 3.- Ter realizada máis formación relacionada directamente coa unidade de competencia asociada ó módulo formativo.

Os aspirantes chamados para realizar a contratación deberán presentar os documentos acreditativos dos requisitos esixidos na bases 3.5 e 3.6 no prazo de dous días

Se dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presentase a documentación ou non cumpren cos requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidera incurrir por falsidade na súa solicitude para participar no proceso selectivo.

No caso de que o/a aspirante chamado/a rexeite o posto de traballo, o aspirante seguinte por orde de puntuación, poderá ocupar dita praza e así sucesivamente.

No caso de que o Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar non autorizase como docente ó candidato chamado, este non poderá ser contratado. Neste caso, proporase como candidato ao que obtivese a maior puntuación despois do primeiro candidato proposto e así sucesivamente.

Cumpridos os anteriores requisitos, procederase á contratación laboral temporal dos aspirantes chamados, nas datas previstas para o comezo dos cursos de Formación Ocupacional.

NOVENA: Lista de reserva.

A lista coa totalidade dos presentados e a puntuación acadada quedará para poderen ser utilizada como reserva (sempre respectando a orde da lista) para a contratación ou nomeamento de docentes en situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia.

Esta lista poderá ser utilizada ata a confección dunha nova listaxe coa mesma finalidade.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado para unha nova contratación.

DÉCIMA:- Incidencias.

O Tribunal Cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a bo desenvolvemento do Concurso en todo o non previsto nestas bases.

DECIMO PRIMEIRA: Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as bases, así como todos os actos administrativos que se derivan dela nos casos e na forma establecida na lei de procedemento administrativo.

Cambre,

O xefe da área de urbanismo e réxime interior
Emilio Martínez Cubero.”



En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1841, de data 18 de novembro de 2016, **RESOLVO**:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a creación de relacións de candidatos de docentes para nomeamentos interinos ou a súa contratación laboral temporal para impartir cursos de fabricación mecánica, servizos socioculturais e á comunidade e administración e xestión así como as súas Bases reguladoras, transcritas na parte expositiva da presente Resolución.

Segundo.- Publicar o anuncio da convocatoria nun xornal de principal difusión da provincia.

O concelleiro delegado
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez